

# Federación Galega de Espeleoloxía

## Regulamento

Data límite de inscrición no Campamento: **2 DE SETEMBRO DO 2013**  
Inscricións no e-mail: [espeleoclubaradelas@yahoo.es](mailto:espeleoclubaradelas@yahoo.es)

É imprescindible estar en posesión da Licenza Federativa de Espeleoloxía do ano en curso para poder participar no campamento. Os menores de idade precisan de permiso paterno e acudir tutelados por un adulto.

Os participantes virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical (para prácticas). Tanto individual como colectivo.

A pernoita se fará no Refuxio de Cobas da FGE polo que é preciso que os participantes veñan equipados de esterilla e saco de durmir.

A manutención vai por conta da organización (comida e cea do sábado e almorzo e comida do domingo)

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes

Calquera outra situación ou dubida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

## Localización



Refuxio de Cobas

## XVII Campamento Galego Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía



### Serra Enciña da Lastra (Cobas, Rubiá)



ESPELEO CLUB  
ARADELAS



Federación  
Galega de  
Espeleoloxía



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **XVII Campamento Galego Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía**

**7 e 8 de setembro de 2013  
Serra Enciña da Lastra (Ourense)**

*Este ano queremos adicar o Campamento Infantil-Xuvenil da FGE a achegar, mediante xogos, o mundo da topografía espeleolóxica aos espeleocativos. A idea central do campamento é agachar unha serie de fichas ao longo do Sistema Pala da Zorra - Pozo da Vexetación, que os rapaces, organizados por equipos, deberán ir localizando e situando nunha topografía muda que logo será validada pola organización.*

*A finalidade desta actividade é que os rapaces aprendan a explorar en equipo e a interpretar as topos dun xeito divertido.*


Data límite de inscrición no Campamento: **2 DE SETEMBRO DO 2013**



**Espeleo Club Aradelas**  
Rua Pizarro 4A baixo, local 17  
36204 Vigo  
Telf. 698.126.070 (mércores as 21h)  
E-mail: [espeleoclubaradelas@yahoo.es](mailto:espeleoclubaradelas@yahoo.es)  
[www.aradelas.com](http://www.aradelas.com)

### **Sábado, 7 de setembro**

- 12:00h. Recepción dos participantes
- 13:30h. Comida de ataque por conta da organización
- 14:00h. Formación de equipos de exploración
- 14:30h. Saída cara ao Sistema Pala da Zorra - Pozo da Vexetación. Localización das fichas por equipos
- 19:30h. Volta ao refuxio e chapuzón no encoro
- 21:00h. Torneo de chave
- 21:30h. Cea por conta da organización



### **Domingo, 8 de setembro**

- 10:00h. Almorzo por conta da organización
- 11:00h. Prácticas de vertical ou visita a cavidades da zona
- 13:00h. Chapuzón no encoro
- 14:00h. Comida por conta da organización
- 16:00h. Clausura do campamento